

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA  
CURSO: 2019/2020  
MATERIA: SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS  
CURSO: 3º DA ESO  
DEPARTAMENTO: FRANCÉS  
DATA: MAIO 2020

## ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**
  - 2.1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 3º de ESO.**
3. **Avaliación e cualificación.**
4. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
5. **Información e publicidade.**

## 1. Introducción

Debido á situación de emerxencia de saúde pública que estamos a vivir causada pola COVID-19, a cal supuxo a suspensión da actividade lectiva presencial e a docencia tal e como a coñecíamos desde o 13 de marzo de 2020, o departamento didáctico de Inglés vese na obriga de facer un reaxuste da programación didáctica proposta e aprobada ao principio do presente curso académico para adaptala a esta nova situación, na que a docencia farase a distancia ata que as autoridades sanitarias o consideren necesario.

Esta adaptación da programación faise seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza, que veñen a concretar a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19.

Seguindo esta liña, as actividades lectivas do terceiro trimestre centraranse nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado en función do curso. Polo tanto, desenvolveremos actividades de recuperación, repaso e reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias como se detalla nesta adaptación, sempre tomando como referencia e norma a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa e o decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da ESO, e a metodoloxía, concepción e orientación didácticas xa establecidas na programación orixinal para este curso académico.

## 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Os estándares e competencias imprescindibles para acadar a promoción nos distintos niveis educativos do presente curso académico serán os seguintes:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 14	CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA CURSO: 2019/2020 MATERIA: FRANCÉS
--	-------------------	--

**2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

<b><u>Criterio de avaliación</u></b>	<b><u>Estándar de aprendizaxe</u></b>	<b><u>CC:</u></b>
--------------------------------------	---------------------------------------	-------------------

**3º ESO: 2ª Lingua Estranxeira, Francés**

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.

SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global,lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.

CCL  
CAA  
CSC  
CCEC

B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

CCL  
CAA  
CSC  
CCEC  
CD

B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.

SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

CCL  
CAA  
CSC  
CCEC

<p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p>	<p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<p>CCL CAA CSC CSIEE CCEC</p>
<p>B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p>	<p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CSIEE CD</p>
<p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>	<p>SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE</p>

<p>B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p>	<p>SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE</p>
<p>B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito</p>		<p>CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE</p>
<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas</p>	<p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p>	<p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

<p>B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
	<p>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>



<p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p>	<p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p>	<p>SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p>	<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p>	<p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significado tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
<p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	<p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE</p>
<p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se</p>	<p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar</p>	<p>CCL CAA</p>

<p>utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>CSC CCEC</p>
---	---	---------------------

### 3. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <u>3ª Avaliación</u> (Reforzo, recuperación e ampliación): producións dos alumnos, principalmente escritas, revisión de tarefas, probas.
	<b>Instrumentos:</b> <u>3ª Avaliación</u> : listas de control, escalas de estimación, rúbricas, cuestionarios, informes e monografías, caderno.
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final do curso obterase como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• O alumnado obterá a cualificación máis alta acadada das obtidas na 1ª e a 2ª avaliaciós. A esta cualificación poderase sumar a cualificación do traballo realizado na 3ª avaliaciós, sendo o máximo posible un punto, sempre que esta última sexa igual ou superior a cinco.</li><li>• O alumnado que só ten unha avaliaciós suspensa non ten que realizar a proba escrita para aprobala. Só terá que entregar as tarefas de recuperación e reforzo propostas (que poderán sumar un máximo de un punto na nota final). Este alumnado obterá a cualificación máis alta acadada das obtidas na 1ª e 2ª avaliaciós.</li><li>• Se as notas da 1ª e 2ª avaliaciós non son positivas, o alumnado terá que realizar as tarefas de recuperación e reforzo propostas na 3ª avaliaciós, que poderán sumar ata un máximo de un punto na cualificación final. Este punto sumarase ao resultado obtido facendo a media entre as cualificaciós da 1ª e na 2ª avaliaciós. Se dito resultado non chegase ao 5, o alumnado realizará unha proba escrita de recuperación dunha hora de duración, que terá lugar a segunda semana de xuño. Para aprobar, todo o alumnado deberá acadar unha cualificación de 5 sobre 10 puntos. Estas probas serán como referente os estándares de aprendizaxe básicos e as competencias correspondentes recollidas neste documento.</li></ul>

<p><b><u>Proba extraordinaria de setembro</u></b></p>	<p><u>Se as autoridades sanitarias e a situación o permite, a proba extraordinaria de setembro consistirá nunha <b>proba escrita obxectiva e presencial</b>, na que se avaliará o grao de logro atendendo aos estándares e competencias imprescindibles recollidos neste documento.</u></p> <p><u>En caso de que non fose posible realizar a proba de forma presencial, realizaríase a mesma proba telemáticamente, ben de forma escrita ou oral. Para promocionar, o alumnado terá que acadar unha cualificación igual ou superior a cinco sobre dez.</u></p>
<p><b><u>Alumnado de materia pendente</u></b></p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os criterios de avaliación para o alumnado de materias pendentes son os xa recollidos na programación para o nivel educativo correspondente e teranse tamén como referente os estándares e competencias básicas, así como os aspectos reforzados recollidos no plan específico de cada alumno.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>O alumnado ten varias formas de acadar unha cualificación positiva na materia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Se acadou unha cualificación igual ou superior a 5 nas probas trimestrais.</li> <li>- Se aproba a proba escrita programada para a segunda semana de xuño, cunha cualificación igual ou superior a 5.</li> <li>- Se aproba a proba extraordinaria de setembro para o curso correspondente.</li> </ul> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Lévase a cabo unha proba escrita dunha hora de duración.</p>

#### **4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

##### **Actividades**

As actividades propostas para o 3º trimestre son variadas e diversas:

1. Actividades de recuperación, para aquel alumnado que teña a 1ª e/ou a 2ª avaliación suspensas. Baseándose nos estándares e competencias imprescindibles.
2. Actividades de repaso e reforzo, para o alumnado que, aínda que aprobara as avaliacións anteriores precisa reforzar certos contidos e/ou destrezas, centrándose principalmente nos estándares e competencias imprescindibles.
3. Actividades de ampliación, para o alumnado que tendo superada a materia cunha cualificación igual ou superior a 7 queira afondar nos contidos xa estudados anteriormente. Sempre de carácter voluntario.

Tódolos bloques de actividades inclúen tarefas das catro competencias: **comprensión escrita, expresión escrita, comprensión oral e expresión oral**; así coma do quinto bloque: **coñecementos interculturais e uso da lingua**.

##### **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

Comezamos a actual situación contactando con tódalas familias do alumnado e así crear unha táboa con tódolos recursos dos que dispoñen (wifi, tableta, datos móbiles, teléfonos intelixentes, impresora, ordenador, escáner...). O profesorado adaptouse ós recursos, necesidades e motivación de cada alumno e alumna de forma individual; empregando así a discriminación positiva.

Na planificación das actividades temos en conta unha serie de **criterios metodolóxicos**:

- Os coñecementos previos dos alumnos
- A necesidade de adaptar a temporalización da práctica metodolóxica ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos.
- A necesidade de acadar un aprendizaxe significativo, baseado na comprensión.
- O erro forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe.

-Os contidos abordaranse de forma estruturada (léxico, fonética, contidos sintáctico discursivos...) e, lóxica, e tendo en conta a diversidade de capacidades, motivacións, intereses e peculiaridades que presente o grupo de alumnos.

	<p>-Potenciarase un enfoque baseado en competencias, o que supón traballar os citados bloques: comprensión oral e expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita e, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos, o que permitirá desenvolver a competencia en comunicación lingüística.</p> <p>Esta sucesión a tratamos de reproducir coas tarefas propostas a través da <b>aula virtual</b> do noso centro. Ademais, ofrecemos unha canle aberta ao noso alumnado para tratar posibles dúbidas e temos unha <b>titoría virtual</b> todas as semanas a través do correo electrónico e a aplicación Webex.</p>
<b><u>Materiais e recursos</u></b>	<p>Para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe teña lugar neste trimestre, contamos con materias e recursos variados. Ademais a editorial Santillana comunicouse comigo para dotar a tódolos alumnos e alumnas das claves necesarias para acceder ao libro dixital.</p> <p>Recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoais: alumnado, profesoras da materia, equipo docente, equipo directivo e as familias.</li> <li>- Materiais tanto en formato dixital coma en formato papel: ordenador, tableta, teléfono móbil e fixo, impresora, libros impresos, etc, libro de texto (papel e dixital), caderno de exercicios (papel e dixital) , fichas, dicionarios...</li> <li>- Audiovisuais: Vídeos, cancións, audios, cuestionarios, xogos interactivos, páxinas web diversas (Youtube, islcollective, etc).</li> </ul>

<b>5. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O alumnado e as familias serán informados a través de diferentes medios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mensaxe de Tokapp (dirección)</li> <li>- Correo electrónico (titores e profesorado)</li> <li>- Videoconferencia por Webex (profesorado)</li> <li>- Páxina web e Aula virtual do centro (administrador e profesorado)</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	As adaptacións serán publicadas na páxina web do centro.